

## ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS PARA A OBTENCIÓN DE SANGUE DE CORDÓN UMBILICAL.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o presidente da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos formalizou o día 15/01/2025 coa Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura por un período de dous anos.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a obtención de sangue de cordón umbilical (SCU) doada de forma altruísta na área sanitaria. A finalidade do acordo é regular a transferencia do SCU obtido pola área sanitaria para que a ADOS poda analizala e almacenala no banco de sangue de cordón umbilical para o seu posterior uso"*.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que: A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos é competente para *"conseguir doazóns voluntarias e altruístas de sangue, medula ósea e sangue de cordón umbilical para cubrir as necesidades do sistema sanitario de Galicia, así como conseguir as doazóns de células e tecidos necesarios para atender as necesidades dos/as doentes do sistema sanitario de Galicia e dos programas de investigación celular."*

*"A área sanitaria ten capacidade de obtención de unidades de sangue de cordón umbilical (en adiante SCU) e a ADOS procesa, conserva e coordina as extraccións de SCU, doadas de xeito altruísta nos centros sanitarios de Galicia."*

*"Segundo establece o Plan Nacional de Sangue de Cordón Umbilical 2020-2025 (aprobado pola Comisión de Trasplantes do Consello Interterritorial del Sistema Nacional de Saúde, con data 31 de Marzo de 2020), "para la consideración de que una Unidad Obstétrica forme parte del programa de SCU, el paso inicial es que la gerencia del Centro tramite una solicitud administrativa al órgano que corresponda (puede variar según la Comunidad Autónoma). Una vez realizada la autorización por la entidad correspondiente y comprobada la idoneidad de la Unidad Obstétrica, la relación entre ésta y el BSCU se establece mediante acuerdos de colaboración firmados por la Dirección y/o Gerencia de ambos centros en los que se establecen las obligaciones de cada parte, la vigencia, las cláusulas de extinción de los acuerdos y la jurisdicción que los regula y las personas responsables de contacto entre ambas instituciones". Para estos efectos, a Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés dispón de unidade obstétrica e a ADOS funciona como Banco de sangue de cordón umbilical (BSCU)."*

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

